

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL CANGAS

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *ORDENANZA REGULADORA DE ZONAS PEONÍS DO CONCELLO DE CANGAS*

#### A N U N C I O

O Pleno do Concello de Cangas, en sesión ordinaria de data do 27 de maio de 2016, acordou aprobar expresamente, con carácter definitivo, unha vez resoltas as alegacións presentadas a redacción final do texto da seguinte ordenanza, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 70.2, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local:

#### **“ORDENANZA REGULADORA DE ZONAS PEONÍS DO CONCELLO DE CANGAS**

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

O Concello de Cangas, en sesión ordinaria de data 2 de xullo de 2.009, acordou aprobar a Ordenanza municipal reguladora de zonas peonís do Concello de Cangas para a regulación do acceso e estacionamento de vehículos as zonas peonís do municipio.

Logo de seis anos de vixencia da mesma faise necesario un novo ordenamento que teña en consideración aspectos non previstos con anterioridade así como a axilización da tramitación que permita dispoñer das autorizacións a residentes e outros usuarios na práctica totalidade e facer así efectivo o cumprimento por parte dos axentes da autoridade.

Esta ordenanza díctase en exercicio da potestade que recoñece ós municipios a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local así como o disposto na Lei 6/2015 de 30 de outubro que aproba o Texto Refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e no Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación.

Ademais nas rúas e zonas delimitadas no casco histórico deberá de estarse ó disposto no Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Cangas.



**ARTIGO 1.—OBXECTO**

A presente ordenanza ten por obxecto regular e ordenar as condicións de acceso e estacionamento a determinadas rúas ou zonas habilitadas de estacionamento do Concello de Cangas, cuxas características xustifican a súa configuración como zonas peonís ou de acceso e estacionamento exclusivo a autorizados con tarxeta, reservando ou restrinxindo parte ou a totalidade das vías comprendidas dentro deste ámbito o tráfico de peóns e de autorizados, coas excepcións contidas na presente ordenanza.

En consecuencia nesta ordenanza determínanse as condicións de acceso e permanencia nas rúas peonís e nas zonas de estacionamento delimitadas para autorizados con tarxeta, así como o tempo máximo unitario de estacionamento para carga e descarga.

O peso máximo autorizado dos vehículos na zona peonil será de 3,5 toneladas (agás autorizacións especiais de carácter temporal outorgada pola Xunta de Goberno Local) e a velocidade máxima permitida será de 30 quilómetros/hora, podendo reducirse en determinadas vías polas súas especiais características.

**ARTIGO 2º.—ÁMBITO DE APLICACIÓN**

O ámbito de aplicación desta ordenanza está constituído polas rúas declaradas polo Concello de Cangas como zonas peonís.

A declaración, ampliación e modificación do carácter peonil das rúas efectuarase por acordo da Xunta de Goberno Local

A área de aplicación comprende tódolos espazos ou rúas que, pola súa condición e necesidades, se reserven para o acceso e estacionamento de vehículos de residentes ou de outros que teñan vinculación coas actividades que se vaian a desenvolver na zona e cumpran os requisitos previstos na presente normativa para obter a autorización.

As rúas contarán coa oportuna sinalización nas entradas, sen prexuízo da utilización doutros elementos fixos e móbiles que impidan a circulación de vehículos na zona.

Ademais para a correcta aplicación do disposto na presente ordenanza poderán ser expedidas tarxetas, distintivos ou pegatinas ou calquera outro dispositivo de control. A expedición corresponderá a policía local ou departamento que designe a Xunta de Goberno Local para tal cometido.



**ART. 3º.—COLECTIVOS AUTORIZADOS**

Os colectivos regulados a continuación poderán acceder á zona peonil nas condicións, horarios e sistemas de xestión descritos nos artigos seguintes, sen prexuízo do disposto no art. 5, distinguíndose:

Residentes nas zonas peonís.

Non residentes nas zonas peonís con praza de garaxe en propiedade ou arrendada con pasaxe permanente autorizado.

Comerciantes e profesionais con actividade que sexan titulares dunha empresa ou comercio no ámbito espacial da ordenanza.

A efectos de sinalización constarán como autorizados, incluídos os do artigo 5.

Provedores, carga e descarga: Transportistas que mediante vehículos aptos para esta actividade , realicen tarefas de carga e descarga para subministración de establecementos. Non precisan tarxeta, agás casos especiais por horarios ou outros xustificados.

**ARTIGO 4º.—RÉXIME DE HORARIOS**

O réxime de horarios de acceso e tempo máximo de permanencia para carga e descarga, e de acceso para residentes na zona peonil será o seguinte:

Colectivo: Residentes, non residentes con praza de garaxe, comerciantes e profesionais con actividade, nas zonas peonís de Cangas .

Horario: Acceso libre 24 h.

Tempo máximo autorizado: 10 minutos.

Colectivo: Provedores , carga e descarga .

Días e Horario: Laborais de 08 a 12 horas e de 16 a 18 horas.

Tempo máximo autorizado:20 minutos.

Sen prexuízo do anterior, a Xunta de Goberno Local poderá autorizar zonas exclusivas de acceso e estacionamento para residentes ou autorizados e para carga e descarga, dentro das áreas peonís e nas súas inmediacións. Tamén poderá acordar a ampliación ou modificación de horarios e tempos máximos de permanencia nestas zonas.



**ART. 5.—EXCLUSIÓNS:**

1. O anterior réxime de acceso e estacionamento non afectará á circulación nin ó estacionamento necesario para a realización do servizo polo tempo imprescindible dos seguintes vehículos:

a) Os de servizo de Policía, Bombeiros, Protección Civil, ambulancias, e en xeral, os que estean prestando servizos públicos xustificados.

b) Os que transporten persoas maiores, impedidas ou con mobilidade reducida ou cousas de necesidade para estas e para persoas sen vehículo que residan na zona peonil. Poderán contar, se fose necesario, con autorización especial ou tarxeta provisional da policía local.

c) En casos especiais tales como mudanzas, obras necesarias, reparación de sinistros, descarga nocturna de locais e outros xustificados. A policía local poderá autorizar estes servizos e se fose necesario facilitar tarxeta provisional.

d) Colectivos, asociacións, profesionais, funcionarios públicos ou particulares que deban acceder pola súa actividade na zona ou por causas xustificadas. Poderán contar con autorización especial ou tarxeta provisional da policía local.

e) As bicicletas, sempre que circulen a velocidade do paso dunha persoa ou cunha velocidade máxima de 10 quilómetros/hora

f) As motocicletas e ciclomotores que deban acceder por causa xustificada como tarefas de reparto comercial debidamente identificados, reparacións ou semellantes. Poderán contar con autorización especial ou tarxeta provisional de policía local. Os propietarios non residentes de vivendas da zona peonil poderán contar tamén con autorización especial ou tarxeta provisional da Policía Local.

As autorizacións ou tarxetas provisionais poderán ser nominais ou para un vehículo, en función da actividade a desenvolver. Agás causa xustificada, como emerxencias, obras e outros supostos deberán cumprilo requisito de estacionamento por tempo máximo de 10 minutos.

**ART. 6.—SISTEMA DE CONTROL E REQUISITOS**

1. Co obxecto de garantir o cumprimento desta ordenanza, establécese un servizo de xestión e control dotado dos medios materiais (tarxetas, distintivos ou pegatinas identificativas ou calquera outro dispositivo expedido polo Concello de vehículo e zona autorizada). O sistema de xestión para as zonas de acceso e estacionamento reservados a autorizados, desenvolverase mediante a obtención dun distintivo ( tarxeta ou, no seu caso, tamén pegatina ) que se colocará en lugar visible do interior do parabrisas do vehículo .



2. Os residentes e os non residentes con praza de garaxe, comerciantes e os autorizados en xeral deberán contar cos requisitos de residencia, propiedade, arrendamento ou actividade necesaria en cada caso para obtención de tarxeta. Tamén poderá ser a propia administración local a que faga a comprobación dos requisitos, podendo actuar de oficio, nos casos que sexan necesarios, para acordar as altas de tarxetas.

A policía local poderá expedir máis dunha tarxeta por autorizado, aínda que non sexa titular do vehículo, por razóns profesionais, persoais, comerciais e outras xustificadas.

Para obter a tarxeta, agás nos casos de alta por parte da administración local, os interesados deberán solicitalo por escrito ante o concello, achegando a documentación requirida.

3. A policía local poderá intervir aquelas tarxetas que non cumpran os requisitos legais ou estean caducadas. Igualmente poderán ser retiradas as tarxetas que sexan canceladas xustificadamente pola autoridade municipal previa tramitación do expediente oportuno. Os propietarios ou condutores habituais quedan obrigados a entregar as mesmas cando sexan requiridos para elo.

#### **ARTIGO 7. REGULACIÓN ESPECÍFICA**

1. Sen prexuízo do disposto na presente ordenanza, a autoridade municipal tamén poderá autorizar outros espazos ou rúas sinalizados como “zona peonil preferente”, con acceso e estacionamento regulados en función das súas necesidades específicas (inmediacións de colexios, espazos ou edificios públicos de interese e outros) así como outras vías ou tramos reservadas para determinados usuarios que teñan o acceso e estacionamento autorizado con tarxeta visible nos vehículos.

2. As tarxetas definitivas ou provisionais poderán establecer a zona de destino e o tempo de vixencia, con posibilidade de renovación.

#### **ART. 8. INFRACCIÓNS: DISPOSICIÓNS XERAIS**

1. Constituirán infraccións a esta ordenanza, durante o horario de funcionamento do servizo, as seguintes:

A) Acceder sen autorización ás zonas peonís.

B) Acceder os autorizados sen a correspondente tarxeta, distintivo ou pegatina ou sen facelas visibles, así como acceder fóra dos horarios establecidos.

C) Rebasar o tempo de estacionamento os vehículos autorizados (procederá a retirada do vehículo cando o estacionamento indebido sexa superior ao triple do tempo parmitido).



D) Estacionar nas rúas peonís aqueles vehículos non autorizados (procederá a retirada do vehículo).

E) Estacionar nas rúas peonís aqueles vehículos autorizados que non leven o distintivo, tarxeta ou pegatina correspondente visible ou cando o fagan fóra dos horarios establecidos en cada caso.

F) A manipulación ,alteración e deterioro das tarxetas, pegatinas e distintivos ou a negativa a entrega das mesmas cando deban ser intervidas xustificadamente pola autoridade ou os seus axentes

#### ART. 9. SANCIONES

1. As infraccións a esta ordenanza serán sancionados como infraccións leves segundo disposto na lei 6/2015 pola que se aproba o texto refundido sobre Tráfico Circulación de vehículos a Motor e seguridade viaria e no disposto no Regulamento Xeral de circulación vixente.

2. Serán sancionadas con multa de ata 90 EUROS as infraccións previstas no artigo 8.1. APARTADO D.

3. Serán sancionadas con multa de ata 50 EUROS polas infraccións previstas no artigo 8.1. APARTADOS C, E , F.

4. Serán sancionadas con multa de ata 30 euros polas infraccións previstas no artigo 8.1 APARTADOS A , B.

5. Os axentes da autoridade poderán proceder conforme o disposto na Lei 6/2015 de 30 de outubro, á inmovilización e retirada dos vehículos que infrinxan o disposto na presente ordenanza ou na lexislación vixente en materia de tráfico nos supostos establecidos nesta, especialmente nos casos de entorpecemento da circulación , triplicar polo menos o tempo de limitación horaria de estacionamento ou carecendo de distintivo visible.

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas as normas de calquera outra Ordenanza Municipal que contradiga, se opoña ou resulten incompatibles co disposto na presente ordenanza así como a anterior ordenanza de zonas peonís de Cangas aprobada en sesión plenaria de 2 de xullo 2009.



*DISPOSICIÓN FINAL*

A interpretación das normas deste Regulamento será levada a cabo polo órgano competente do Concello de Cangas, que poderá ditar as instrucións necesarias para a súa aplicación.

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Ordenanza entrará en vigor aos 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.”

Contra o presente Acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativa”.

Cangas, 30 de maio de 2016.—Alcalde-Presidente, Xosé Manuel Pazos Varela.

